

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de marzo de 2022**

Ás 17.00 horas do día 16 de marzo de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE FEBREIRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de febreiro de 2022.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 16 de febreiro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- RECOÑECIMENTO DE COMPATIBILIDADE AO EMPREGADO PÚBLICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DON JAIME ANTONIO PINTOS PÉREZ PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES PRIVADAS.-

O Sr. secretario explica o contido da proposta.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), do BNG (1), de DO (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º. Recoñecer ao empregado público da Deputación Provincial de Ourense don Jaime Antonio Pintos Pérez a compatibilidade co exercicio da actividade privada da avogacía, por entender que se cumpren os requisitos requiridos pola Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e co condicionante de que a actividade privada autorizada non teña ningunha relación coas que desenvolve nesta Deputación Provincial, que debe cumprir e respectar a xornada e horario de traballo na institución provincial e, por último, que en todo momento o complemento específico ou concepto equiparable que perciba non sexa superior ao 30 por 100 das súas retribucións básicas, excluída a antigüidade.

2º. Inscribir o presente acordo, polo que se recoñece e autoriza a referida compatibilidade para o exercicio de actividades privadas, no Rexistro de Persoal.

3º. Notificar o presente acordo ás persoas interesadas.

3º.- PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E DOS SEUS ORGANISMOS DEPENDENTES E/OU ADSCRITOS PARA A XESTIÓN E EXECUCIÓN DOS FONDOS “NEXT GENERATION EU”.-

O Sr. secretario explica o contido da proposta.

D. Bernardo Varela López, do BNG, expresa as súas dúbidas sobre se os concellos van ter que elaborar e aprobar o seu propio plan.

O Sr. secretario informa de que será requisito para as entidades que sexan unidades executoras, pero non para as que sexan beneficiarias de subvencións.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, pide que na publicación do plan se elimine o logo da mercantil que elaborou o plan e que se substitúa polo da Deputación Provincial.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º. Aprobar o «Plan de medidas antifraude da Deputación de Ourense e dos seus organismos dependentes e/ou adscritos», ao abeiro do previsto no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, que consta incorporado ao expediente electrónico de referencia 2022/3213A con CSV 4162073677443405331.

2º. Publicar o presente acordo, así como o texto íntegro do Plan de medidas antifraude da Deputación de Ourense e dos seus organismos dependentes e/ou adscritos, no BOP e na sede electrónica provincial para xeral coñecemento.

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, reitera o rogo efectuado na pasada comisión, do 16 de febreiro, sobre o informe ou circular que vai elaborar o Servizo de Asistencia a Municipios sobre a incidencia do Real Decreto Lei 32/2021 e demais normativa en materia laboral.

O presidente da comisión indica que a circular informativa xa está elaborada e que se dividirá en dúas partes, unha relativa ao Plan de estabilización do emprego público e outra á reforma laboral. Engade que esta será remitida nos próximos días a todos os concellos da provincia e que se citará aos alcaldes/as a unha reunión por videoconferencia, en principio o día 29 de marzo (data pendente de confirmación) onde os técnicos da Deputación Provincial explicarán brevemente a dita circular.

E, ás dezasete horas e quince minutos, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

